



# **A toma de consciencia do ritmo en Educación Infantil Un estudo comparativo entre Dalcroze e Kodály**

## **Awareness of rhythm in Pre-school Education A comparative study between Dalcroze and Kodály**

Laura Castiñeiras Pereira, María del Pino Díaz Pereira  
Universidade de Vigo

### **Resumo**

A toma de consciencia do ritmo, constitúe unha competencia relevante para o desenvolvemento integral do alumnado na etapa de Educación Infantil. Por isto, o presente traballo analiza qué metodoloxía musical resulta máis eficaz para traballar dita competencia con infantes de 3 anos. Para isto, fixemos un estudo descritivo comparativo entre a metodoloxía Dalcroze, baseada no movemento, e a Kodály, sustentada no canto. 36 suxeitos de 3 anos do CEIP de Silleda participaron nesta investigación. 18 deles foron educados musicalmente con Kodály e os outros 18 con Dalcroze. Os resultados indican que o grupo Dalcroze mostrou resultados significativamente superiores.

*Palabras chave:* estudo, comparativo, descritivo, Dalcroze e Kodály.

### **Abstract**

The awareness of the rhythm constitutes a relevant competence for the integral development of the students in the stage of Pre-school Education. Due to this, this project analyses which musical methodology is more effective to work such competence with three-year-old infants. For this, we did a comparative descriptive study between the Dalcroze methodology, based on movement, and the Kodály one, sustained in singing. 36 three-year-old from CEIP Silleda took part in this investigation. Eighteen of them were musically educated with Kodály, and the other eighteen with Dalcroze. The results indicate that the Dalcroze group showed better results significantly

*Keywords:* comparative, descriptive, study, Dalcroze and Kodály.

### **Obxectivos da investigación**

Comprobar o grao de melloría na toma de consciencia do ritmo dos cativos e das cativas tras a aplicación da metodoloxía Dalcroze. ¶ Comprobar grao de melloría na toma de consciencia do ritmo dos infantes despois da aplicación da metodoloxía Kodály. ¶ Comprobar con cal

dos dous métodos conseguimos máis avances na toma de consciencia do ritmo en 4º de Educación Infantil.

### **Hipóteses da investigación**

Si se produce mellora con ambas metodoloxías. ¶ A metodoloxía coa que conseguiremos máis avances na toma de consciencia do ritmo en 4º de Educación Infantil, será a do pedagogo Dalcroze.

### **Método**

O método que utilizamos para o noso traballo de investigación trátase dun método comparativo con medidas pre y post intervención. Ademais, tamén utilizamos a descrición para describir as dúas metodoloxías e comentar os resultados obtidos con cada unha delas.


### **Participantes**

Para poder levar a cabo o noso traballo participaron un total de 36 educandos (19 alumnos e 17 alumnas) do CEIP de Silleda de 3 anos, cunha media de idade de 47 meses. A nosa mostra está dividida en dous grupos de 18 educandos cada un, ambos pertencentes a 4º de Educación Infantil. O primeiro grupo, é dicir, 4º de Educación Infantil A, consta de 10 nenos e 8 nenas. O segundo, neste caso 4º de Educación Infantil B, está composto por 9 cativas e 9 cativos.

### **Instrumento**

O instrumento de medida empregado neste traballo foi de elaboración propia, posto que, tras indagar en bases de datos de internet e mais no material da biblioteca da universidade do campus de Ourense, non encontramos ningún instrumento que coincidira exactamente cos obxectivos propostos no noso traballo.

O noso instrumento consta de 8 estruturas rítmicas distintas, todas elas compostas polas figuras musicais de negra, corchea e silencio de negra en todas as súas posibles combinacións, xa que isto era o máis sinxelo para comezar a traballar con cativos e cativas de 3 anos de idade. A continuación, podemos ver as estruturas rítmicas empregadas no noso instrumento:



Este instrumento foi aplicado individualmente, é dicir, fomos sacando un por un a cada educando da aula. O que tiñan que facer os alumnos e as alumnas fora da aula era, en primeiro lugar escoitar a reprodución do primeiro ritmo con un tambor, acto seguido, repetir o que escoitaron tamén con un tambor, e así ata reproducir as oito estruturas rítmicas. Por cada estrutura rítmica reproducida correctamente outorga unha puntuación de 1 punto. Finalmente, a suma de todas as estruturas reproducidas de forma satisfactoria permitía obter un nivel en capacidade rítmica que varía de 0-8 puntos.

### Procedemento

Para dar comezo ao noso traballo de investigación, en primeiro lugar documentámonos acerca das metodoloxías musicais do século XX, e escollemos como obxecto de estudo dúas das máis completas, innovadoras e opostas entre elas, decantándonos finalmente polas metodoloxías Dalcroze e Kodály. A continuación, deseñamos un instrumento que permitira medir o nivel que tiñan os educandos de 3 anos na toma de consciencia de ritmo, antes e despois da intervención.

Acto seguido, deseñamos unha intervención de educación musical con cada unha das dúas metodoloxías empregadas no noso traballo.

Finalizado o deseño de intervención para cada grupo, pedimos permiso ás mestras de 4º de Educación Infantil do CEIP de Silleda e procedemos a asignar ao azar un método a cada aula: Ao grupo A asignóuselle Dalcroze e ao B Kodály.

A continuación dispuxémonos a realizar a avaliación inicial, co fin de comprobar que ambos grupos mostraban un punto de partida equiparable, así como para poder comprobar a melloría producida en cada grupo despois da intervención.

De seguido, puxemos en práctica as nosas dúas intervencións educativas, o grupo A coa metodoloxía Dalcroze e o B coa Kodály. A duración de cada intervención foi de hora e media en cada grupo, repartida en tres días distintos.

A continuación, a modo de exemplo podemos ver algunhas das actividades que levamos cada un dos días co grupo Dalcroze:

**Día 1:** quecemento co canon de Pachelbel. ¶ Xogamos a ser piratas co tema principal de “Piratas del Caribe”, ao ritmo da música. ¶ Damos tantos saltos como veces soara o tambor, movéndonos pola aula. ¶ Camiñamos cando escoitamos negras no piano, damos dous saltos cando escoitamos dúas corcheas e quedamos de estatuas cando non escoitamos nada. ¶ Relaxación ao ritmo da nana de Bela para piano.

**Día 2:** quecemento coas 4 estacións de Vivaldi. ¶ Xogamos ao xogo das cadeiras, movéndonos ao ritmo de Pimpón é un boneco tocado no piano. ¶ Xogo dos ananos e dos xigantes: camiñamos agachados cando a música soa piano e camiñamos erguidos cando a música soa forte. ¶ Cando no piano soaba negra dabamos palmada, con dúas corcheas dous golpes nas pernas e co silencio quedamos quietos. ¶ Relaxación con movementos lentos das diferentes partes do corpo co música de fondo de Avatar de James Horner.

**Día 3:** quecemento con balada para Adelina de Richard Clayderman. ¶ Improvisación de dous movementos corporais de un en un ao ritmo do piano. ¶ Xogo de pelotas coa peza para Elisa de Beethoven. Ao ritmo da música, por parellas, fago que lle dou a pelota ao compañeiro e quítolla. ¶ Movéndonos imitando os movementos da profesora, saltar, mover a cabeza aos lados ... e cando a música para quedamos así. ¶ Relaxación con movementos lentos de brazos, pernas, pescozo ... ao ritmo de Charms de BSO.

Acto seguido, podemos visualizar a intervención que se levou a cabo co grupo Kodály:

**Día 1:** Diferentes entoacións e diferentes ritmos con “Bos días”. ¶ Presentación da negra e asimilación de “ta” cada vez que vían unha negra; para isto mesturamos a negra con diferentes figuras musicais e cando vían a negra tiñan que dicir “ta” á vez que daban unha palmada. ¶ Interpretamos en dous grupos a saia da Carolina, cantando un grupo e respondendo o outro, por exemplo un grupo dicía, “bailaches Carolina?” e o outro respondía, “bailei si señor”... ¶ Cantamos “quérote máis” todos xuntos, sentados nunha gran roda. ¶ Despedímonos entoando a ritmo de negras adeus.

**Día 2:** Diferentes entoacións e diferentes ritmos cos nosos nomes. ¶ Repaso da negra, presentación do silencio de negra e asimilación de “ssh” a esa figura. ¶ Escribimos estas figuras en cartolinas, e dependendo da figura que aparece, os educandos emitían a sílaba correspondente a esa figura. ¶ Cantamos “a formiguiña”. ¶ Cantamos “Pimpón e un boneco”, sentados todos nunha roda á vez que un neno movía a “Pimpón no centro da roda”. ¶ Cantamos todos xuntos a canción de “Susana ten un ratiño”. ¶ Combinamos negras e silencios de negras para despedirnos.

**Día 3:** Entoación con “ola, como estades” e o alumnado repite entoación con “ola, estamos ben”. ¶ Repaso da negra, do silencio de negra e presentación das dúas corcheas asimilando as sílabas “titi” a estas dúas figuras. Para isto, escribimos as tres figuras en cartolinas e os educandos reproducían a sílaba correspondente á figura que aparecía. ¶ Cantamos “A Maruxiña”. ¶ Sentámonos todos nunha roda e cantamos a canción de “cucú me chamo”, ao mesmo tempo que un neno ou nena xiraba ao redor da roda e deixaba un boneco detrás dun compañeiro. ¶ Despedímonos repetindo entoacións e ritmos con “adeus adeus, ata mañá”.

Finalmente, unha vez que estaban os dous grupos educados musicalmente coas metodoloxías que lles asignaramos previamente a cada un, e co obxectivo de comprobar a melloría alcanzada con cada un deles, procedemos a realizar a avaliación final, administrando de novo o instrumento elaborado.

**Análise de datos**

Comparar a eficacia de ambos métodos, procedemos a facer unha comparación de medias de mostras independentes.

**Resultados**

Na táboa que vemos a continuación, atópanse as medias que acadaron os estudantes do grupo Dalcroze na avaliación previa á intervención musical e na avaliación final. Ademais, na fila inferior tamén podemos observar a melloría que se produciu nos infantes deste curso, é dicir, a diferenza que houbo entre as probas previas e as probas finais.

Táboa 1.  
*Puntuacións medias en Competencia Rítmica antes e despois da intervención coa metodoloxía Dalcroze. Valor do estatístico de contraste y nivel de significación.*

Competencia rítmica	Puntuación media (0-8)	Valor T (signf.)
Antes intervención	4,50	
Despois intervención	6,61	-6,551 (0.00)
Melloría	2,111	

Como mostra a táboa, a avaliación inicial sitúa ao alumnado no nivel 4,50, polo que podemos dicir que o grupo Dalcroze xa era capaz de reproducir máis da metade dos ritmos. Unha vez impartidas as clases de música baixo a metodoloxía Dalcroze, os infantes melloraron 2,11 sobre 8, acadando unha media de acertos de 6,61. Os valores da proba T reflicten diferenzas entre a avaliación inicial e a avaliación final altamente significativas.

Na seguinte táboa, encóntranse os mesmos datos que na anterior, pero neste caso, do grupo educado musicalmente mediante a metodoloxía Kodály.

Táboa 2.  
*Puntuacións medias en Competencia Rítmica antes e despois da intervención coa metodoloxía Kodály. Valor do estatístico de contraste y nivel de significación.*

Competencia rítmica	Puntuación media (0-8)	Valor T (signf.)
Antes intervención	4,89	
Despois intervención	5,12	-2,832 (0.012)
Melloría	0,833	

Na táboa 2 podemos observar que o alumnado do grupo Kodály, antes de recibiren educación musical coa metodoloxía Kodály, obtiveron unha media nas probas de 4,89 sobre 8, isto é, máis da metade, e incluso lixeiramente superior os do grupo Dalcroze. Unha vez impartidas as clases de música seguindo ao pedagogo Kodály melloraron un 0,833 de 8, acadando un resultado de 5,12. Como a táboa mostra os valores correspondentes á proba T indican que a mellora tamén foi significativa.

A continuación, procedemos a comprobar se as mellorías acadadas con ambas metodoloxías mostraban diferenzas significativas.

Táboa 3.  
*Comparación do nivel medio de melloría entre Dalcroze e Kodály*

Metodoloxía	Puntuación media (0-8)	Valor T (signf.)
Dalcroze	2,1111	
Kodály	,8333	-2,928 (0.06)

Como podemos ver nesta táboa, o grupo formado musicalmente coa metodoloxía Kodály, incrementou o seu nivel un 0,8333. Por outro bando, o grupo educado con Dalcroze mellorou en 2,111 o seu nivel. Os valores da proba T mostran que a melloría producida coa metodoloxía Dalcroze foi significativamente superior con respecto á melloría detectada no alumnado educado coa metodoloxía Kodály.

A continuación, nesta gráfica podemos ver máis claramente a diferenza entre as avaliacións previas e as finais. A primeira barra azul móstranos o nivel medio inicial do grupo Dalcroze nun rango de 0-8, e a segunda barra desta mesma cor, móstranos o nivel medio inicial do grupo Kodály. Acto seguido, encontrámonos coa barra de cor vermello e nela móstrase a media que acadou o alumnado unha vez recibida a educación musical con ambas metodoloxías, correspondéndose a primeira barra vermella co grupo A, educado musicalmente baixo a metodoloxía Dalcroze e a segunda barra co grupo educado musicalmente seguindo a Kodály, é dicir, o grupo B.




Figura 1. Puntuacións medias antes e despois da intervención con Dalcroze e Kodály

Como podemos ver nesta gráfica, o grupo Dalcroze tiña un nivel inicial inferior ao grupo Kodály á hora de tomar consciencia do ritmo, posto que o grupo A, é dicir, o grupo Dalcroze, partía dun nivel 4.50, mentres que, o grupo B partía dun nivel máis próximo a 5, neste caso, 4.89. Non obstante, a pesar de partir de peor base de ritmo musical, vemos como o grupo A chega a un nivel máis elevado unha vez impartidas as clases baixo a metodoloxía Dalcroze, chegando a unha media de nivel de aula de 6.62 sobre 8. Pola contra, o grupo B non

consegue chegar nin sequera ao nivel 6 , quedándose estes nun 5,72 de 8.

Unha vez vistos estes datos, podemos concluír con que tras impartir educación musical con Dalcroze e Kodály puidéronse apreciar mellorías notables en ambos casos, pero cabe destacar a efectividade da metodoloxía Dalcroze. Polo tanto, comprobamos que a mellor opción para traballar con cativos de 3 anos de idade é moito máis produtivo partir do movemento global do corpo para tomar consciencia do ritmo.

Os datos obtidos permítenos concluír, en coincidencia con outros autores (*ex.* Herrera, 1994), que a aprendizaxe da música a partir do movemento parece máis efectiva nas primeiras etapas do desenvolvemento das criaturas. As diferentes noicións musicais deben ser experimentadas nestas etapas mediante o corpo e o movemento, para así mediante as sensacións cinestésicas , poder pasar a formar parte do mundo dos conceptos, e favorecer a toma de consciencia.

### Conclusións

As conclusións que podemos extraer unha vez realizado o noso traballo son as seguintes:

Con ambas metodoloxías se produciu unha melloría na toma de consciencia de ritmo significativa. ¶ A metodoloxía Dalcroze, fundamentada no movemento global do corpo, produciu mellores resultados á hora de traballar a toma de consciencia de ritmo con infantés de 3 anos.

### Limitacións

Agora ben, á hora de realizar o noso traballo de investigación contamos con algunhas limitacións, sendo estas as seguintes:

Imposibilidade de equilibrar os grupos, xa que, o idóneo para o noso traballo, sería poder contar con suxeitos expostos por igual á música; por exemplo, se unha alumna ten unha avoa na casa música, é moi posible que estea acostumada a convivir día a día coa música, en cambio outro neno ao mellor non ten este acercamento. ¶ Mostra escasa: sería de gran interese poder incrementar de forma significativa a nosa mostra para proxectos futuros de investigación, así como ter en conta a idade e o xénero dos suxeitos. ¶ Mellora do instrumento : os educandos de principio de ano posuían unha boa avaliación inicial, polo que o noso instrumento non detectou a melloría destes educandos tras a intervención. ¶ En ocasións futuras, incrementarase a dificultade das estruturas rítmicas para poder detectar a influencia da idade no nivel de capacidade rítmica dos educandos. ¶ Aumentar o tempo de intervención: Por pouca dispoñibilidade de tempo, só puidemos intervir 3 días en cada grupo. O ideal sería impartir polo menos un total de 6 clases máis.

### Reflexións finais

Para dar por finalizado o noso traballo, facemos unha breve reflexión do mesmo. Nela recolleemos a grande utilidade que ten a música na etapa de Infantil, posto que vimos como os educandos gozaban con ela, á vez que aprendían moitos outros contidos, máis alá dos musicais. Agora ben, isto non sería posible se a metodoloxía

utilizada lles resultara aburrida aos cativos e ás cativas, polo tanto o éxito de que os infantés melloraran con ambas metodoloxías, foi debido a utilización na aula de metodoloxías innovadoras e dinámicas.

Neste estudo tamén puidemos comprobar a importancia que ten o movemento á hora de transmitirles aspectos rítmicos aos infantés de Educación Infantil, porque a pesar de que o alumnado tamén mellorou o seu nivel coa metodoloxía Kodály, os resultados mostran que a metodoloxía idónea é a Dalcroze. Com movemento, os cativos e as cativas experimentan e viven de forma activa a música. Ademais, o movemento involucra a todos os ámbitos da persoa, polo tanto, a forma máis completa de aprender é a través del.

Como futuros mestres, gustaríanos poñer en práctica metodoloxía Dalcroze na aula, aínda que, si se considerara oportuno, poderíamos coller aspectos interesantes doutras metodoloxías, creando así o noso propio modelo.

### Referencias bibliográficas

- Árias, M. (2006). Música y neurología. Neurología, volumen 22, nº1, p. 39-45. Recuperado de [http://www.brainmusic.org/EducationalActivities/Arias\\_musicneuro2007.pdf](http://www.brainmusic.org/EducationalActivities/Arias_musicneuro2007.pdf)
- Arráez, J. D. (2013). Los principales métodos activos de educación musical en primaria. Artseduca, nº5, p. 6-21. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=4339750>
- Belmonte, J. (2013). La aplicación del método Dalcroze en las enseñanzas elementales del conservatorio profesional de música “Tomás de Torrejón y Velasco” de Albacete. Recuperado el 6 de Julio de 2016, del sitio web de la UNED: <http://e-spacio.uned.es/fez/view.php?pid=tesisuned:Edudacion-Jgonzalez>
- Carreño, A. (2010). Metodologías musicales del s. XX, aplicación en el aula. Innovación y experiencias educativas, nº37. Recuperado de [http://www.csi-csif.es/andalucia/modules/mod\\_ense/revista/pdf/Numero\\_37/ANA\\_MARIA\\_PORCEL\\_2.pdf](http://www.csi-csif.es/andalucia/modules/mod_ense/revista/pdf/Numero_37/ANA_MARIA_PORCEL_2.pdf)
- Cuevas, S. (2015). La transcendencia de la educación musical de principios del siglo XX en la enseñanza actual. Magister, volumen 27, p. 37-43. Recuperado de <http://www.sciencedirect.com/science/article/pii/S0212679615000043>
- García, M. T. (2014). La importancia de la música para el desarrollo integral en la etapa de Infantil. Recuperado el 5 de Junio de <http://rodin.uca.es/xmlui/bitstream/handle/10498/16696/16696.pdf?sequence=6>
- Gertrudix, F. (s.f.). Características de la educación musical en Educación Infantil. Recuperado el 1 de Julio de 2016, del sitio web de UCLM: [www.sonidosimaginarios.es/docencia/didactica/documentos/tema1](http://www.sonidosimaginarios.es/docencia/didactica/documentos/tema1)
- González, I. (2014). Metodologías musicales: Aplicaciones en el aula de Educación Infantil (4 años).

- Recuperado el 6 de Julio de 2016, del sitio web de la Universidad de Zaragoza: <http://zaguan.unizar.es/record/14400/files/TAZ-TFG-2014-566.pdf>
- Goulart, D. (2000). Dalcroze, Orff, Suzuki e Kodály Semelhanças, diferenças, especificidades. Recuperado de [http://www.dianagoulart.com/Canto\\_Popular/Educadores.html](http://www.dianagoulart.com/Canto_Popular/Educadores.html)
- Hemsey de Gainza, V. (2003). La educación musical entre dos siglos : del modelo metodológico a los nuevos paradigmas. Recuperado el 5 de Julio de 2016, de <http://docplayer.es/10190426-La-educacion-musical-entre-dos-siglos-del-modelo-metodologico-a-los-nuevos-paradigmas-dra-violeta-gainza.html>
- Hemsey de Gainza, V. (2004). La educación musical en el siglo XX. Revista musical chilena, volumen 58, nº201, p. 74-81. Recuperado el 5 de Julio de 2016, de [http://www.scielo.cl/scielo.php?pid=S0716-27902004020100004&script=sci\\_arttext&tlng=pt](http://www.scielo.cl/scielo.php?pid=S0716-27902004020100004&script=sci_arttext&tlng=pt)
- Jaramillo, M. C. (2004). Métodos históricos o activos en educación musical. Lista Electrónica Europea de Música en la Educación, nº14. Recuperado de <http://musica.rediris.es/leeme/revista/jorquera04.pdf>
- Lacárcel, J. (2003). Psicología de la música y emoción musical. Educatio s. XXI, nº20-21,p. 213-226. Recuperado de <http://revistas.um.es/educatio/article/view/138>
- Lucato, M. (1997). La metodología Kodály aplicada a la escuela primaria. Revista electrónica interuniversitaria de formación del profesorado, nº1. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2786659>
- Maravillas, D. , y Giráldez, A., (Eds). (2007). Aportaciones teóricas y metodológicas a la educación musical. Barcelona
- Sáñez, D. (2009). Métodos pedagógico – musicales para secundaria. Revista digital para profesionales de la enseñanza, nº3, p. 1-15. Recuperado de <https://www.feandalucia.ccoo.es/docu/p5sd5026.pdf>
- Sarget, M. A. (2003). La música en la Educación Infantil. Estrategias cognitivo- musicales, nº18, p.197. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=1032322>

### **Agradecementos**

Mestras de 4º de Educación Infantil do CEIP de Silleda: Patricia Rodríguez Reboredo e Lorena Toimil Mato.